

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 7 e 14 de maio de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma de fachada de planta baixa dereita do local sen uso do edificio con licenzas 727/04, 356/06 e 1310/06, sito en solo urbano, na rúa Álvaro Gil, número 5; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Poeta Noriega Varela, numero 54; para o cambio de uso de rochos no baixo cuberta a vivenda vinculada á vivenda da planta inferior xa existente e substitución da cuberta do edificio con licenza número 207/91, sito en solo urbano, na rúa Mar Cantábrico, 34; para reforma de fachada en planta baixa no edificio sito na ronda das Fontiñas, numero 205; para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Oliveira, número 53; para mantemento e conservación de fachada, consistente na súa limpeza, pintura nas partes cegas con cor ocre claro, substitución de carpintería e revisión de cuberta, no edificio sito en solo urbano na avda. da Coruña, número 23 e para o cambio de uso de semisoto de rocho a garaxe e de parte da planta baixa do alpendre de garaxe a vivenda e lixeiro aumento da superficie construída do semisoto, nas edificacións con licenzas números 705/11 e 1919/11, sitas no núcleo rural 17.2 Fazai-A Viña, Parroquia de Carballido.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. ACTAS E GOBERNO.-** Dáse de conta á Xunta de Goberno Local do decreto número 14004468, do 12/05/2014, polo que se modifica a redacción vixente da cláusula oitava do decreto número 13008312, do 30/08/2013, sobre organización municipal.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	29/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==	PÁGINA	1/3
 h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==				

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización de horas extraordinarias a unha funcionaria adscrita ao Servizo de Enxeñería.

Acórdase poñer fin ao procedemento iniciado no expediente disciplinario incoado a un funcionario, pola imposibilidade material de continuo por unha causa sobrevida.

Acórdase aprobar as bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dous xefes de brigada para a defensa contra incendios forestais.

Tamén se acorda aprobar as bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dez peóns condutores para a defensa contra incendios forestais.

Así mesmo, acórdase aprobar as bases que rexerán o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase a resolución do expediente disciplinario incoado a un funcionario.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase designar un comité de expertos na contratación da xestión do servizo público de regulación de aparcadoiros na vía pública (ORA) no Concello de Lugo. Execución da sentenza número 128/11, do 3 de maio, ditada pola Ilma. Sra. Maxistrada-Xuíz titular do Xulgado Contencioso-administrativo número 2 de Lugo, pola que se lle estimou á entidade, o recurso contencioso- administrativo contra a resolución do 17 de xuño de 2009, ditada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo.


Acórdase o inicio de expediente de resolución da autorización para a concesión da ocupación de dominio público coa instalación de casetas e caldeiros de polbo, durante as festas de San Froilán, pola falta de pagamento en prazo das correspondentes taxas.

Tamén se acorda a dación de conformidade ao informe emitido polo Xefe de Urbanismo o 16 de maio de 2014 na Addenda número 3 ao Convenio de colaboración asinado con data 10 de febreiro de 2009, entre a antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para a realización de obras de infraestrutura viaria no termo municipal de Lugo.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para obras de

Código Seguro de verificación:h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	29/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==	PÁGINA 2/3



h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==

reforma e ampliación das instalacións da industria láctea, situada na estrada N-VI, punto quilométrico 505, Nadela.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Portugal, 19.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de ampliación de explotación agrogandeira en Chavián, parroquia de Pedreda.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para demolición da edificación sita na rúa Bispo Aguirre, 8, e rúa Vilalba, 5.

Apróbase a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para instalación dunha estación base de telefonía móbil na avenida da Coruña, 183, pola que ingresou a entidade mercantil a autoliquidación número 2911428, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 296,72 €.


**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Plan extraordinario de obra pública da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Actuacións en materia de infraestruturas e servizos no entorno fluvial. Comunicación posta a disposición do financiamento da obra "Construcción de pantaláns para zona de baño no río Miño.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	29/05/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==	PÁGINA 3/3



h85iw01Nwz1Y64e0XxVG3g==